

As orquídeas da Serra do Courel

Monografías do IBADER - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel

Elvira Sahuquillo Balbuena



As orquídeas da Serra do Courel

Elvira Sahuquillo Balbuena

Dpto. Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía
Facultade de Ciencias. Campus A Zapateira
Universidade da Coruña
A Coruña

 **IBADER**
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

Monografías do IBADER - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel
Lugo 2018

As orquídeas da Serra do Courel

Autores: Elvira Sahuquillo Balbuena.

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:.

Sahuquillo, E. (2018). As orquídeas da Serra do Courel. Monografías do Ibader - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel 1. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Esta publicación foi sometida a un proceso de revisión por pares.

Deseño e Maquetación: L. Gómez-Orellana

ISSN edición dixital: 1988-8341

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.gal>

info@ibader.gal

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Monografías do IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rural e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo publícanse a revista Recursos Rurais e as Monografías do IBADER, espazos orientados a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espazos rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Producción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista científico-técnica Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. A revista inclúe unha Serie Cursos, que publica os resultados de reunións, seminarios e xornadas técnicas ou de divulgación. As Monografías do IBADER divulgan traballos de investigación de maior entidade, manuais e textos de apoio a docencia ou investigación e obras de divulgación científico-técnica.

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun e REDIB.

Política de revisión

Todos os traballos publicados polo IBADER, deben ser orixinais. Os traballos presentados serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorrerase á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial -unha vez informado o autor- o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Universitario s/n
E 27002 Lugo, Galicia (España)

Tfno 982 824500
Fax 982 824501

<http://www.ibader.gal>
info@ibader.gal

ÍNDICE

1.- Introducción	5
2.- Que ten de particular esta familia que resulta tan atractiva?	6
3.- Por que existe tanta variedade de orquídeas?	8
4.- Cándo e ónde ver orquídeas	14
5.- Interese para a conservación das orquídeas	15
6.- Cómo se diferencian as especies e algunhas curiosidades	16
7.- Bibliografía	20

1 Introducción

A Serra do Courel destaca, entre outras áreas de Galicia, pola grande diversidade biolóxica que agocha. No eido botánico, nesta serra téñense censado arredor de 800 especies de plantas vasculares, que virían a representar o 40% de la flora de Galicia (Izco et al. 1985a). Dentro desta ampla diversidade vexetal, destaca a gran variedade que acadan as especies de orquídeas (Familia Orchidaceae), para as que a Serra do Courel é un dos lugares máis relevantes de Galicia tanto polo número de taxóns presentes, como polo feito de que moita delas teñen poboación moi numerosas (Cortizo & Sahuquillo 2006) (Fig. 1).

5



Figura 1.- Paisaxe do val do Río Lor con numerosos individuos de *Orchis italica* en primeiro plano.

2 Que ten de particular esta familia que resulta tan atractiva?

O exotismo que presentan as flores das orquídeas estimulou a imaxinación humana desde a antigüidade (Arditti 1992). A súa complexidade e variedade de formas florais, a súa forma de vida e os seus particulares métodos de polinización espertaron un gran interese científico (p. ex. Darwin 1888), e seguen a ser obxecto de estudos que tentan desentrañar os factores que influíron na gran diversificación destas plantas (Breitkopf *et al.* 2015). As orquídeas forman a familia máis diversa de entre as plantas con flores e colonizan moi distintos ambientes ecolóxicos, faltando só nos climas máis extremos (Dressler 1990). Se ben adoitamos asocialas ao mundo tropical, estas plantas están ben representadas nas zonas temperadas e, incluso, frías do Hemisferio Norte, onde pasan facilmente desapercibidas polo reducido tamaño das súas flores. Nas zonas temperadas, as orquídeas son terrestres, herbáceas e presentan estruturas de supervivencia (tubérculos radicais ou rizomas) que lles permiten superar as estacións climáticas desfavorables (frío no inverno, excesiva seca no verán) e volver a activarse nos períodos favorables, producindo novas follas e talos aéreos.

Dada a particular configuración morfolóxica das flores das orquídeas e a variedade de ambientes nos que poden aparecer, tanto o coñecemento das súas partes florais como o das súas preferencias ecolóxicas resultan decisivas para a súa correcta identificación (Fig. 2). As distintas pezas florais están modificadas como resultado dos procesos de especialización nos mecanismos de polinización, e cada una delas recibe un nome específico (Tremblay *et al.* 2005). De entre as pezas florais estériles destaca o **labelo**, polo xeral moi diferente ao resto pola forma, tamaño e cor. Tamén é importante resaltar a organización das partes fértiles da flor (androceo e xineceo) que, nesta familia reúnen nunha estrutura peculiar denominada **columna**. Na parte superior desta columna atópase a **antera**, na que se produce o pole, e na parte inferior, a superficie receptora do mesmo (**estigma**). Para evitar a autopolinización, ambas partes están separadas por unha prominencia, máis ou menos marcada segundo as especies, denominada **rostelo**. Así mesmo, é importante indicar que o **ovario** se sitúa por debaixo do resto das partes que compoñen a flor.

Na Serra do Courel téñense atopado 22 especies de orquídeas que presentan unha ampla variedade de formas e cores, así como diversas estratexias de polinización. A maior parte delas (13 especies) seguen a estratexia do engado, é dicir, atraen aos seus polinizadores aparentando recompensas que, en realidade, non existen. O engado pode ser alimenticio ou sexual. No primeiro caso, tratase de orquídeas que "imitan" a outras plantas da súa contorna que ofrecen néctar ou pole aos seus posibles polinizadores. Para elo, as orquídeas presentan tamén cores vistosas, con pequenas punteaduras no labelo imitando "guías de mel" ou apéndices (**esporóns**) nos que debería de acumularse o néctar, substancia que estas orquídeas non producen. Así ocorre, por exemplo, nos xéneros *Dactylorhiza* e *Orchis*, representados na Serra do Courel por 4 e 5 especies, respectivamente. Noutros casos, aparecen pequenas protuberancias amarelas que cobren, a modo de grans de pole (**pseudopole**), labelos de cor branca, como sucede en *Cephalanthera longifolia* (Fig. 3B), que imita a diversas cistáceas do xénero *Helianthemum* que adoitan medrar na súa contorna (Van der Cingel 1995, Claessens & Kleyne 2016).

O engado sexual é una estratexia seguida polas especies do xénero *Ophrys*, denominadas orquídeas abelleiras, representado na Serra do Courel por *Ophrys apifera* (Fig. 6B) e *O. scolopax* (Fig. 6C). Estas orquídeas atraen a machos de distintas especies de abellas e abellóns imitando ás súas femias pola forma, color e pubescencia (pilosidade) que presenta o seu labelo. Ademais, liberan substancias olorosas

que recordan ás feromonas que liberan as femias destes insectos (Véla *et al.* 2007). Todo elo incita aos machos a pousarse sobre os seu labelos e tratar de efectuar a denominada “pseudocópula”. A posición de aterraxe dos machos determina a parte do seu corpo na que se lles quedarán pegadas as masas de polen (**polinias**) e así, estas serán transportadas ata a superficie receptora de pole (**estigma**) cando visiten a seguinte flor. Estas plantas aproveítanse particularmente da inexperiencia dos machos recién emerxidos na primavera (Véla *et al.* 2007). Esta estratexia de atracción de polinizadores por parte das orquídeas foi descrita en 1920 e utilízase como modelo para estudar os fenómenos de coevolución e a diversificación das especies (Micheneau *et al.* 2009). Outro tipo de engado sexual é o que presenta a orquídea *Serapias lingua* (Fig. 8C), cuxas pezas florais organízanse formando un tubo que é utilizado coma refuxio por individuos dunha pequena abella pertencente á especie *Ceratina cucurbitina*. Neste caso, ademais de ofrecer refuxio, a presenza dunha gran protuberancia, de cor escura, no fondo do labelo que evoca a unha femia, unida ao recendo que desprenden as flores, serve para atraer as machos inexpertos.




Figura 2.- Detalle dunha flor de *Ophrys scolopax* indicando as pezas florais características das flores das orquídeas.

O resto de orquídeas presentes no Courel (9 especies), ofrecen recompensas para atraer aos seus posibles polinizadores; nestes casos a especificidade entre orquídea e insectos establece pola composición do néctar e a dificultade de acceso á flor (Nilsson 1983). Por exemplo, *Gymnadenia conopsea* presenta un longo e estreito esporón no fondo do cal se acumula néctar que só é accesible a determinadas bolboretas (Fig. 5B). Para atraer aos polinizadores, as súas flores emiten un agradable olor, sobre todo no solpor (Claessens & Kleynen 2016). O mesmo lle sucede a *Plantanthera bifolia*, que tamén é moi olorosa ao atardecer e que é polinizada por mariposas nocturnas (Fig. 8A). A súa cor branca faina máis vistosa nese momento do día (Claessens & Kleynen 2016). Un mecanismo algo diferente é o que presenta a especie *Epipactis helleborine*, cuxo néctar acumúlase na parte exterior do labelo, neste caso con forma de cunca (Fig. 5A). O comportamento anómalo observado nalgúns polinizadores unha vez que abandonan as flores desta especie ten levado a considerar este néctar tóxico, ou a supor que nel ten lugar unha fermentación alcohólica que dificultaría a saída e marcha das avésperas que visitan as poboacións destas plantas, favorecendo a polinización entre os diferentes individuos que as compoñen (Claessens & Kleynen 2016).



Figura 3.- Detalle de flores e inflorescencias de orquídeas presentes na Serra do Courel: *Aceras anthropophorum* (A), *Coeloglossum viride* (B), *Dactylorhiza cantabrica* (C), *Cephalanthera longifolia* (D),

3 Por que existe tanta variedade de orquídeas na serra?

Máis do 50% das especies de orquídeas existentes en Galicia (24% das ibéricas) poden observarse no Courel (Aedo & Herrero 2005; Cortizo & Sahuquillo 2006; García Romay & Parada 2010). Esta elevada diversidade taxonómica responde, fundamentalmente, ás condicións climáticas e edáficas que presenta esta ampla comarca montañosa, ponte entre dous mundos florísticos, o mediterráneo e o eurosiberiano (Izco, et al. 1985b). A riqueza en microclimas, asociados ao gradiente altitudinal existente, e a presenza de afloramentos de rochas carbonatadas, especialmente significativos no contexto de Galicia, favorecen a existencia no Courel de hábitats particularmente axeitados para o crecemento das orquídeas, como os aciñeirais e os pastizais calíos. Así mesmo, dada a particular posición xeográfica da serra, as flutuacións climáticas acontecidas nos períodos xeolóxicos máis recentes favoreceron sucesivas expansións e retraccións das especies procedentes do mundo mediterráneo e eurosiberiano (Izco *et al* 1985b), orixinando un complexo mosaico de nichos ecolóxicos favorables para as orquídeas. A isto habería que

engadir a expansión de espazos abertos, cubertos por vexetación herbácea, arbustiva ou arbórea aclarada, asociada ás actividades humanas, que se iniciou neste territorio hai máis de 4.000 anos (Santos et al. 2000).



Figura 4.- Detalle de flores e inflorescencias de orquídeas presentes na Serra do Courel: *Dactylorhiza cantabrica*, forma rosada (A), *Dactylorhiza insularis* (B), *Dactylorhiza maculata* (C), *Dactylorhiza markusii* (D).



Figura 5.- Detalle de flores e inflorescencias de orquídeas presentes na Serra do Courel: *Epipactis helleborine* (A), *Gymnadenia conopsea* (B), *Himantoglossum hircinum* (C), *Neotinea maculata* (D).



Figura 6.- Detalle de flores e inflorescencias de orquídeas presentes na Serra do Courel: *Neottia nidus-avis* (A), *Ophrys apifera* (B), *Ophrys scolopax* (C), *Orchis italica* (D).



Figura 7.- Detalle de flores e inflorescencias de orquídeas presentes na Serra do Courel: *Orchis mascula* (A), *Orchis morio* (B), *Orchis provincialis* (C), *Orchis ustulata* (D).

Das 22 especies presentes na Serra do Courel, 13 pódense considerar de orixe mediterránea. Entre estas destacan algunhas cuxa representación en Galicia é moi escasa, limitándose a súa presenza á Serra do Courel e zonas próximas das provincias de Lugo e Ourense. Entre elas figuran *Aceras anthropophorum* (Fig. 3A), *Ophrys scolopax* (Fig. 6C), *Orchis italica* (Fig. 6D) e *Orchis provincialis* (Fig. 7C).

Por outro lado, a influencia eurosiberiana deixase notar pola presenza de 9 especies, algunhas delas coas súas únicas poboacións galegas na Serra do Courel e zonas próximas. Este é o caso da pequena orquídea púrpura *Orchis ustulata* (Fig. 7D), de distribución global eurosiberiana, ou de *Coeloglossum viride* (Fig. 3C), de distribución circumboreal e que tamén aparece na Serra dos Ancares. Asimesmo, existe un grupo de especies de distribución moi escasa en Galicia pero que teñen no Courel as súas poboacións máis numerosas, como ocorre coa orquídea sin clorofila, *Neottia nidus-avis* (Fig. 6A), que se pode atopar en soutos, faiais e devesas asentados sobre substratos calcarios, ou de *Orchis mascula* (Fig. 7A), unha das orquídeas máis abundante nestas montañas. Estas especies presentan unha distribución euroasiática e eurosiberiana, respectivamente.



Figura 8.- Detalle de flores e inflorescencias de orquídeas presentes na Serra do Courel: *Platanthera bifolia* (A), *Serapias lingua* (B), *Spiranthis spiralis* (C).

4 Cándido e ónde ver orquídeas na serra

Aínda que o tipo de substrato é o factor que mellor explica a distribución das diferentes orquídeas na Serra do Courel, hai que ter en conta que é necesario recorrer diferentes tipos de hábitats e en distintas épocas do ano para poder observar todas as especies presentes nesta área. Así, é posible ver orquídeas durante a primavera e parte do verán, ademais do mes de setembro, cando florece a orquídea outonal, *Spiranthes spiralis* (Fig. 8C).

Para o conxunto das especies, a floración comeza con *Orchis mascula* (Fig. 7A), a orquídea máis temperá e abundante no Courel, cuxa época de floración continúa durante toda a primavera, dependendo da altitude na que se atopen as súas poboacións. No extremo oposto, as especies máis serodias son *Epipactis helleborine* (Fig. 5A), habitual nos aciñeirais da Serra, *Dactylorhiza maculata* (Fig. 4C), *Gymnadenia conopsea* (Fig. 5B) e *Platanthera longifolia* (Fig. 8A), ademais da xa mencionada, *Spiranthes spiralis* (Fig. 8C).

A gran variedade de orquídeas que se poden observar sobre solos derivados de rochas carbonatadas semella deberse á presenza neles de determinados fungos micorrízicos que se asocian coas raíces destas especies (Arditti 1992, Rasmussen 2002) así como ás características físicas dos mesmos, como o seu delgado espesor e elevada pedregosidade (Taboada Castro & Silva Hermo 1999). Isto último limita, sobre todo en posicións inclinadas e moi solleiras, a capacidade de auga que poden reter os solos, orixinando un efecto de seca edáfica local dentro dun territorio no que as precipitacións medias anuais resultan elevadas, o que podería explicar a aparición ao longo e ancho do Courel de poboacións de orquídeas que son frecuentes en áreas de clima de tipo mediterráneo. Non obstante, tamén aparecen no Courel outras orquídeas que son indiferentes ao substrato ou propias de medios ácidos, como *Dactylorhiza maculata* (Fig. 4C) o *Serapias lingua* (Fig. 8B).

Debido ás causas comentadas, a maior variedade de orquídeas atópase nos pastizais desenvolvidos sobre substratos carbonatados, onde non adoitan faltar especies como *Dactylorhiza cantabrica*, endémica do Courel (Fig. 3D), *Aceras anthropophorum* (Fig. 3A), *Himantoglossum hircinum* (Fig. 5C), *Orchis italica* (Fig. 6D) e *O. mascula* (Fig. 7A). Outros hábitats propicios, non sempre asentados sobre este tipo de materiais litolóxicos, son soutos e devesas, onde se pode observar, entre outras *Neottia nidus-avis* (Fig. 6A), orquídea sen clorofila que se nutre dos fungos que degradan a materia orgánica (follaxe e humus). Así mesmo, en aciñeirais pouco mestos pódense encontrar *Cephalanthera longifolia* (Fig. 3B), *Epipactis helleborine* (Fig. 5A) ou *Ophrys scolopax* (Fig. 6C). Moitas orquídeas que teñen o seu hábitat característico nalgún dos ambientes ecolóxicos sinalados, como *Ophrys scolopax* (Fig. 6C), *Orchis italica* (Fig. 6D), *Dactylorhiza maculata* (Fig. 4C) u *Orchis morio* (Fig. 7B), poden formar grandes colonias aproveitando ambientes luminosos orixinados polo ser humano, como noiros e bordes de camiños.

5 Interese para a conservación das orquídeas

Como se comentou nos apartados anteriores, unha parte importante das orquídeas presentes no Courel teñen moi escasa representación ou están ausentes no resto de Galicia. Por elo, é importante ter presente que, cando visitamos esta serra podemos observar, nalgúns casos, poboacións compostas por un elevado número de individuos, pero se trata dunha abundancia moi local (incluso no contexto galego), polo que nin sequera nestes casos se deben arrincar ou danar as orquídeas.

Entre as especies que requiren atención especial atópase o endemismo *Dactylorhiza cantabrica*, descrito a partir de material procedente da Serra do Courel (Pedersen 2006, Fig. 3D). Na actualidade, estáse a facer un seguimento das poboacións desta especie para determinar a súa dinámica e establecer os factores que afectan á súa supervivencia. Outras orquídeas de interese son *Orchis ustulata* (Fig. 7D), presente dentro do territorio galego unicamente na Serra do Courel e os concellos de Pedrafita do Cebreiro e As Nogais, e *Coeloglossum viride* (Fig. 3C), como xa se indicou, tamén citada na Serra dos Ancares. Outras especies escasas en Galicia, pero que teñen unha área de distribución un pouco máis ampla que as anteriores, son *Himantoglossum hircinum* (Fig. 5C), *Orchis italica* (Fig. 6D), *Dactylorhiza insularis* (Fig. 4B) e *Ophrys scolopax* (Fig. 6C). Por último, cabe mencionar aquelas especies que, aínda que algo máis repartidas por algunhas zonas de Galicia, xeralmente se atopan en hábitats sensibles á alteración, como son *Ophrys apifera* (Fig. 6B) en zonas costeiras, *Neottia nidus-avis* (Fig. 6A) en bosques caducifolios ben conservados, *Epipactis helleborine* (Fig. 5A) en aciñeirais, bosques caducifolios e soutos, e *Spiranthes spiralis* (Fig. 8C), en pastizais con certa humidade.

Todas as especies de orquídeas presentes no Courel están incluídas no anexo II do convenio CITES para especies ameazadas (Convention on International Trade in Endangered Species of Wild Fauna and Flora, 1986). Aínda que segundo a IUCN a maior parte destas especies non presentan ameazas para a súa supervivencia a nivel global, os estudos realizados dunha forma máis exhaustiva puxeron de manifesto que algunhas especies requiren unha especial atención pasando de ser consideradas, dentro da escala de valoración da IUCN, de especies "de Preocupación Menor" (Least Concern) a "Case Ameazada" (Near Threatened). Este é o caso, por exemplo, de *Orchis morio* (Fig. 7B) (European Nature Information System, <http://eunis.eea.europa.eu>), presente no Courel.

Por outro lado, a maior parte das poboacións das orquídeas no Courel atópanse baixo o amparo legal da Directiva Europea 92/43/CEE, tamén coñecida como "Directiva Hábitats", xa que as montañas courelás están incluídas dentro dun espazo protexido que forma parte da Rede Natura 2000 europea, a Zona de especial Conservación (ZEC) Os Ancares-O Courel. Así mesmo, os pastizais desenvolvidos sobre rochas de tipo calcario ricos en orquídeas son considerados hábitats prioritarios para a conservación a nivel europeo (tipo de hábitat 6210*). Como mencionamos anteriormente, nestes ambientes en moitas localidades courelás, conflúen un elevado número de especies distintas de orquídeas ou especies raras a nivel continental, como é o caso de *Dactylorhiza cantabrica*, orquídea endémica destas montañas.

Todo o anterior non obsta para que se podan poñer en práctica medidas que garantan a conservación da diversidade orquidolóxica a nivel autonómico ou rexional, na liña do que teñen feito algúns países do ámbito europeo máis próximo (Francia, Inglaterra, Bélxica, etc.), tras constataren o declive das súas poboacións como resultado, en moitos casos, da alteración dos hábitats ou o cambio de uso dos mesmos. Neste senso, na Serra do Courel se teñen delimitado 4 microrreservas destinadas á conservación das orquídeas e outra flora e fauna de interese no Monte do Cido, o Alto do Couto, val de Visuña e o Alto da Pedra (<http://www.custodiadoterritorio.org/microrreservas-da-serra-do-courel>).

6 Cómo se diferencian as especies e algunhas curiosidades

Na Serra do Courel se ten mencionado a existencia de 22 especies de orquídeas (Cortizo & Sahuquillo 1999). A súa identificación é relativamente sinxela facendo unha observación atenta das súas flores e follas, sen necesidade de arrincalas. A continuación coméntanse as características máis significativas para identificar estas especies, así como o hábitat no que se atopan e as datas aproximadas nas que se poden observar nas terras courelás. A descrición das especies realízase alfabeticamente seguindo a nomenclatura taxonómica de *Flora Europaea* (Tutin *et al.* 1980) e de *Flora Iberica* (Aedo & Herrero 2005), xa que son as denominacións máis habituais nas guías publicadas ata épocas recentes. Naqueles casos nos que, a raíz da realización de estudos filoxenéticos utilizando marcadores moleculares se teñan proposto cambios nomenclaturais amplamente aceptados (Pridgeon *et al.* 2009, Bateman 2006), indicase entre corchetes a nova denominación.

16


Aceras anthroporum (L.) W.T. Aiton [actualmente *Orchis antropophora* (L.) Allioni] caracterízase pola cor verde amarelenta ou alaranxada das súas flores, pola disposición das súas pezas florais que se reúnen formando un casco, coa excepción do labelo, e pola forma antropomorfa deste último (Fig. 3A). Trátase dunha orquídea con área de distribución mediterráneo-atlántica (Táboa 1). Na Serra do Courel é localmente abundante, atopándose ligada aos afloramentos calíos, principalmente en comunidades herbáceas ou aciñeirais abertos. A mellor época para observala é entre o mes de maio e principios de xullo (Táboa 2).

Especie	Distribución global	Distribución en Galicia	Hábitat no Courel	Mecanismo de polinización
<i>Aceras anthroporum</i>	Medit.-Atlántica	SE Lugo, NO Ourense	Pastizais calíos, aciñeirais, noiros	Recompensa (néctar)
<i>Cephalanthera longifolia</i>	Eurosiberiana	Dispersa por Galicia	Acifeirais, isoutos	Engado (pseudopole/mimetismo)
<i>Coleoglossum viride</i>	Circumboreal	Courel e Ancares	Pastizais calíos	Recompensa (néctar/autogamia facultativa)
<i>Dactylorhiza cantabrica</i>	Endemismo NW Ibérico	Courel	Pastizais calíos	Engado (mimetismo)
<i>Dactylorhiza insularis</i>	Medit. occidental	Courel, Cuncal Sil e Bibe	Pastizais calíos	Engado (mimetismo)
<i>Dactylorhiza maculata</i>	Eurosiberiana	Galicia	Prados, isoutos, inoiros	Engado (mimetismo)
<i>Dactylorhiza markusii</i>	Medit. occidental	Courel, Cuncal Sil e Bibe	Pastizais calíos	Engado (mimetismo)
<i>Epipactis helleborine</i>	Eurosiberiana	Moi escasa en Lugo, Ourense e A Coruña	Encinares, isoutos	Recompensa (néctar)
<i>Gymnadeniala conopsea</i>	Eurosiberiana	Dispersa por Galicia	Pastizais calíos	Recompensa (néctar)
<i>Himantoglossum hircinum</i>	Medit.-Atlántica	Caliaside Lugo e Ourense	Pastizais calíos, noiros	Recompensa (néctar)
<i>Neotinea maculata</i>	Medit.-Atlántica	Cuncas Sil e Bibe, dispersa por Pontevedra	Pastizais calíos	Recompensa (néctar/autogamia facultativa)
<i>Neottia nidus-avis</i>	Eurosiberiana	Montañas orientais de Lugo e Ourense	Bosques, souts	Recompensa (néctar/autogamia facultativa)
<i>Ophrys apifera</i>	Medit.-Atlántica	Dispersa por Galicia	Acifeirais, inoiros	Engado (sexual)
<i>Ophrys scolopax</i>	Medit. occidental	SE Lugo e NE Ourense	Pastizais calíos, aciñeirais, inoiros	Engado (sexual)
<i>Orchis italica</i>	Mediterránea	SE Lugo e NE Ourense	Pastizais calíos, inoiros	Engado (mimetismo)
<i>Orchis mascula</i>	Atlántica-Medit.	SE Lugo e NE Ourense	Pastizais calíos, aciñeirais, souts, noiros	Engado (mimetismo)
<i>Orchis morio</i>	Euromediterránea	Dispersa por Galicia	Pastizais calíos	Engado (mimetismo)
<i>Orchis provincialis</i>	Mediterránea	SE Lugo e NE Ourense	Pastizais calíos	Engado (mimetismo)
<i>Orchis ustulata</i>	Eurosiberiana	Serrado do Courel e arredores	Pastizais calíos	Engado (mimetismo)
<i>Platanthera bifolia</i>	Eurosiberiana	Dispersa por Galicia	Pastizais calíos, isoutos, ireboleiras, inoiros	Recompensa (néctar)
<i>Serapias lingua</i>	Medit.-Atlántica	Dispersa por Galicia	Pastizais calíos	Engado (sexual)
<i>Spiranthes spiralis</i>	Medit.-Atlántica	Dispersa por Galicia	Pastizais calíos	Recompensa (néctar)

Táboa 1.- Distribución global e en Galicia, hábitat e mecanismos de polinización das especies de orquídeas presentes na Serra do Courel.

Cephalanthera longifolia (L.) Fritsch caracterízase pola forma e disposición das súas follas, liñares lanceoladas que se estreitan cara ao ápice e se dispoñen dísticamente, formando dúas ringleiras opostas a cada lado do talo; tamén polas súas flores brancas repartidas ao longo dun acio moi ben definido. Nas

flores destacan as liñas lonxitudinais amarelas, moi evidentes, presentes no labelo, que imitan grans de pole (pseudopole) para atraer aos insectos (Táboa 1, Fig. 3B). Na Serra do Courel pódese encontrar en aciñeirais sobre rochas calías ou en soutos. É unha orquídea pouco abundante, sendo a mellor época para atopala entre o mes de maio e mediados de xuño (Táboa 2).



Táboa 2 Fenograma da floración das especies de orquídeas presentes na Serra do Courel.

Coeloglossum viride (L.) Hartmann [actualmente *Dactylorhiza viridis* (L) Bateman, Pridgeon & Chase]. Trátase dunha orquídea moi pouco rechamante xa que, debido á súa cor verdosa e o seu pequeno tamaño, camúflase facilmente entre as plantas que a rodean. As flores reúnense nun acio terminal denso coas pezas florais formando un casco, salvo o labelo que é péndulo, trilobado no seu extremo e de cor verde amarelenta (Fig. 3C). As flores desprenden un agradable olor a mel. Na Serra do Courel é unha orquídea moi escasa e aparece en pastizais de zonas altas (Táboa 1); a mellor época para observarlá é desde finais de maio ata mediados do mes de xullo (Táboa 2).

O xénero *Dactylorhiza* está representado na Serra do Courel por catro especies, das que unha é endémica (exclusiva) desta serra. Trátase de *D. cantabrica* Pedersen, especie de orixe híbrida entre *D.*

sambucina (L.) Soó e *D. insularis* (Sommier) Landwehr, a última tamén presente no Courel, a veces coexistindo coa endémica. As principais características que diferencian estas especies son o ancho e a distribución das follas e a forma do esporón xunto a forma das manchas avermelladas no labelo. Estas especies presentan flores de cor amarela dispostas en acios terminais. *D. insularis* ten dúas manchas grosas no labelo e o esporón é máis curto que o ovario, recto ou lixeiramente curvado cara abaixo (Fig. 4B). *D. cantabrica* presenta flores con labelo punteado por numerosas manchiñas vermellas e o esporón, máis robusto, está curvado e dirixido tamén cara abaixo (Fig. 3D). Da especie endémica se coñece tamén una variante de flores rosadas (Fig. 4A). A terceira especie de flores amarelas deste xénero presente na Serra é *D. markussi* (Tineo) H. Baumann & Künkele, que se diferencia das precedentes pola ausencia de manchas no labelo e polo aspecto e posición do esporón, que é estreito e disposto cara arriba (Fig. 4D). As tres especies mencionadas do xénero *Dactylorhiza* podense encontrar nos pastizais que medran sobre os afloramentos calíos que se atopan repartidos pola Serra (Táboa 1). Os meses máis acaídos para a súa observación son desde mediados de abril a finais de maio (Táboa 2). Do género *Dactylorhiza* tamén se pode observar unha especie de cor rosada; trátase de *D. maculata* (L.) Soó (Fig. 4C), que aparece en noiros, prados e soutos, non necesariamente calíos. Trátase dunha especie de floración máis serodia que as anteriores, observable entre mediados de xuño e finais de xullo (Táboa 2).

Do xénero *Epipactis* pódese atopar no Courel *E. helleborine* (L.) Crantz, unha especie facilmente recoñecible pola forma das follas, ovaladas e repartidas por todo o talo. As pezas florais ábrense deixando á vista a columna e o labelo, moi característico, que presenta un hipoquilo cóncavo, a modo de caciño, onde se acumula néctar, e un epiquilo triangular, de cor rosada. As tonalidades das flores son variables, desde verdosas con vetas vermellas ata a dominancia de tons púrpura (Fig. 5A). É una especie ligada aos aciñeirais e soutos que medran sobre substratos calíos (Táboa 1). Na Serra do Courel pódese observar desde finais de xuño ata primeiros de agosto (Táboa 2).

Gymnadenia conopsea (L.) R. Brown é unha orquídea de flores rosadas e aspecto moi delicado, que emite un intenso aroma na floración. A súa densa inflorescencia está formada por flores de pequeno tamaño, nas que destaca o seu chamativo esporón, de 10-20 mm de lonxitude (Fig. 5B). Na Serra do Courel aparece en prados e pastizais (Táboa 1). O momento máis axeitado para observala é entre finais de xuño e mediados de xullo (Táboa 2).

Himantoglossum hircinum (L.) Sprengel é unha orquídea de gran tamaño, a maior das existentes na Serra do Courel. A súa densa inflorescencia de flores brancas con estrías púrpuras, faina moi evidente durante a floración polo seu largo labelo (30-60 mm) trilobulado, co lóbulo central máis longo que os laterais e de aspecto ondulado (Fig. 5C). O resto das pezas florais reúnense formando un casco. Na Serra do Courel é relativamente abundante e se atopa en pastizais calíos secos, claros de aciñeirais e noiros solleiros (Táboa 1). As datas máis apropiadas para observala van de mediados de maio a principios de xullo (Táboa 2).

Neotinea maculata (Desfontaines) Stearn é unha orquídea cativa, polo que normalmente pasa desapercibida. Caracterízase polas súas diminutas flores brancuxas, que presentan abundantes manchas escuras nas pezas florais, o que lle proporciona nalgunhas ocasións unha cor conxunta de aparencia rosada (Fig. 5D). As pezas florais forman un casco e só o labelo, de aspecto antropomorfo, se mantén separado. É das especies que presentan néctar, neste caso almacenado nun pequeno esporón, do que se desprende un agradable olor a vainilla. Na Serra do Courel non é moi abundante e se encontra ligada a pastizais desenvolvidos sobre substratos carbonatados (Táboa 1). Pódese observar desde maio ata principios de xuño (Táboa 2).

Neottia nidus-avis (L.) L.C.M. Richard é unha curiosa orquídea sin clorofila, de cor crema, que se nutre dos fungos que descompoñen as follas das árbores caducifolias, polo que se considera unha planta micoheterótrofa (Fig. 6A). O seu nome específico fai referencia á estrutura das súas raíces, entrelazadas a modo de niño de paxaro. Estas características fan única entre as orquídeas da Serra do Courel; só pode confundirse con outras especies parasitas pertencentes ao xénero *Orobanchae* (Familia Orobanchaceae), pero a súa estrutura floral é moi diferente, xa que nestas últimas pódense recoñecer

facilmente os estames e o pistilo. Esta orquídea atópase frecuentemente en ambientes sombríos, asociada polo xeral a formacións arbóreas de frondosas, como algunhas devesas, soutos e abeledos (Táboa 1), sendo a época máis adecuada para observala entre finais de abril e xuño (Táboa 2).

As especies do xénero *Ophrys* son das orquídeas máis chamativas que se poden observar no Courel. A transformación do seu labelo imitando a unha abella para atraer aos polinizadores é un dos máis curiosos efectos da selección natural na evolución das plantas. No Courel pódense observar dúas especies moi pouco abundantes, que non poden confundirse co resto de especies presentes na Serra. Trátase de *O. scolopax* (Fig. 6C), a máis abundante, e *O. apifera* (Fig. 6B). Ambas especies diferéncianse pola posición dun pequeno apéndice que posúen ao final do labelo e pola aparencia das súas pezas florais máis externas. *O. scolopax* presenta o apéndice dirixido cara adiante e pétalos internos anchos e longos. Pode observarse en aciñeirais abertos, pastizais e noiros sobre substratos calíos (Táboa 1); o mellor momento para observala é desde mediados de maio a mediados de xuño (Táboa 2). *O. apifera* caracterízase por ter o seu apéndice dirixido cara atrás e uns pétalos interiores moi pequenos. É unha especie máis abundante noutras áreas de Galicia, sobre todo en sistemas dunares ben conservados. No Courel é escasa e presenta un curto período de floración, que vai de mediados de maio a comezos de xuño, observándose puntualmente en noiros con vexetación herbácea (Táboa 1 y 2).

O xénero *Orchis* é o mellor representado na Serra do Courel, onde se poden observar 5 especies, dúas de elas (*O. italica* y *O. mascula*) moi abundantes e fáciles de atopar durante a súa época de floración. *Orchis italica* Poiret é unha das máis chamativas pola súa inflorescencia piramidal, con flores de coloración moi variable, de rosado claro ata moi intenso, na mesma poboación. A súa estrutura floral tamén é peculiar pola forma antropomorfa do labelo e o casco acuminado que forman o resto das pezas florais (Fig. 6D). É moi típica en pastizais e noiros asentados sobre substratos calíos (Táboa 1). A mellor época para observala é desde mediados de abril a principios de xuño (Táboa 2).

Orchis mascula (L.) L. é a orquídea máis abundante e de floración máis longa de todas as que existen na Serra. A súa inflorescencia, que pode acadar os 20 cm, de cor púrpura ou morado, é moi evidente nos pastizais, aciñeirais e noiros durante a floración (Táboa 1). A súa estrutura floral, pero o máis característico é a presenza de dúas pezas externas dirixidas cara arriba e outras tres que se unen formando un casco. O seu labelo é trilobulado, presentando puntos vermellos no centro e o esporón mira cara arriba (Fig. 7A). A súa época de floración comeza a mediados de marzo e continúa ata finais de xuño (Táboa 2).

Orchis morio L. [actualmente *Anacamptis morio* (L.) Bateman, Pridgeon & Chase] é unha orquídea pequena e delicada, con poucas flores, que se diferencia de *Orchis mascula* porque todas as pezas florais, excepto o labelo, se reúnen formando un casco. O labelo tamén é trilobulado, pero máis ancho que longo. O esporón diríxese cara arriba e pode estar ensanchado no seu extremo (Fig. 7B). Atópase dispersa pola Serra, sempre en grupos de poucos individuos, e prefere zonas abertas, como pastizais (Táboa 1). A mellor época para observala é entre finais de maio e finais de xuño (Táboa 1).

Orchis provincialis Balbis ex Lamarck & DC é unha orquídea con flores amarelas que pode confundirse con diversas especies do xénero *Dactylorhiza* con flores desa mesma cor. Non obstante, pode diferenciarse facilmente pola bráctea que acompaña a cada flor, sempre pegada ao ovario e membranácea (no xénero *Dactylorhiza* é verde, ancha, moi evidente e separada do ovario). Outra característica diferenciadora é a presenza de manchas púrpuras nas follas (Fig. 7C). Habita nos pastizais calcáricos, sen ser abundosa (Táboa 1), e se pode observar en maio e principios de xuño (Táboa 2).

Orchis ustulata L. [actualmente *Neotinea ustulata* (L.) Bateman, Pridgeon & Chase] é outra pequena orquídea pouco frecuente no Courel. Diferénciase ben pola chamativa coración púrpura da súa inflorescencia, que contrasta co labelo branco con manchas púrpuras das súas flores (Fig. 7D). O seu nome específico, *ustulata*, significa queimado, e fai referencia á intensa cor do casco floral. As súas flores son moi típicas, con pezas formando un casco púrpura e un labelo antropomorfo. Aparece en pastizais sobre substrato calío (Táboa 1). O mellor momento para observala é o mes de xuño (Táboa 2).

Platanthera bifolia (L.) LCM Richard é unha orquídea de flores brancas moi espectaculares polo seu longo e estreito esporón, que pode acadar os 30 mm, o que a fai imposible de confundir con outras especies presentes na Serra do Courel. Ademais, como indica o seu nome específico, presenta unicamente dúas follas na base do talo (Fig. 8A). É unha orquídea que emite un agradable aroma, principalmente ao atardecer, sendo polinizada, fundamentalmente, por aveláñas. Pódese encontrar en pastizais sobre solos calíos, noiros, soutos e reboleiras (Táboa 1). O seu período de floración esténdese entre xuño e mediados de xullo (Táboa 2).

Serapias lingua L. é unha especie fácil de identificar por que as pezas florais forman un tubo do que sobresaie parte do labelo, que ten forma de "lingua". As flores presentan cor gris-lila no tubo e avermellada no labelo, con nervacións púrpura que lle dan unha tonalidade máis intensa ao conxunto, aínda que se trata dunha especie cunha certa variabilidade cromática (Fig. 8B). Na base do labelo pode observarse unha calosidade moi chamativa, que algúns autores relacionan co seu mecanismo de polinización. Esta especie habita en pastizais con certa humidade (Táboa 1), sendo a mellor época para observala desde finais de maio a xuño (Táboa 2).

Spiranthes spiralis (L.) Chevallier, é a única orquídea de floración outonal presente na Serra. As súas poboacións son moi escasas e nunca moi densas. O seu pequeno tamaño e o aspecto discreto das súas flores dificultan enormemente a súa localización. O conxunto das pezas florais, brancas, forman un pequeno tubo (que non supera os 7 mm) do que só sobresaie o labelo, de cor verde-amarelenta. As flores dispóndose nun acio espiralado e pubescente moi característico (Fig. 8C). Tamén son características as follas, que se dispoñen nunha roseta ao lado do eixe floral, e que persisten, tras a floración, ata o seguinte ano. Pódense atopar en pastizais con certa humidade, sobre terreos calíos (Táboa 1). Setembro é o mellor mes para observala na Serra do Courel (Táboa 2).

Agradecementos A Carlos Cortizo Amaro pola revisión do texto realizada e pola cesión das fotografías, excepto a incluída na figura nº 2, que agradezo a Antonio Prunell. A Manuel Pimentel polas súas aportacións para mellorar o texto e figuras e aos revisores polas súas suxestións para mellorar o deseño das táboas e a tradución ao galego.

7 Bibliografía

